

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de setembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 21703 (10/PNC-001779)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar as deficiencias de espazo e persoal da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

2. 30397 (10/PNC-002447)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei xeral da Seguridade Social co fin de considerar en situación de incapacidade permanente as persoas diagnosticadas de carcinoma ou de calquera outra enfermidade grave, así como o recoñecemento do dereito das persoas beneficiarias á reserva do posto de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018

3. 34223 (10/PNC-002784)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o aumento a doce meses do período subvencionable pola Consellería de Emprego e Industria para a contratación temporal por parte dos concellos de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, así como o impulso dun programa específico de integración sociolaboral para mulleres perceptoras da Risga e da mellora da coordinación entre as áreas de política social e emprego da Xunta co servizo público de emprego estatal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

4. 34442 (10/PNC-002797)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa xestión dos centros de menores dependentes da Xunta de Galicia e, concretamente, no centro de menores de Monteledo, de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

5. 34476 (10/PNC-002798)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre medidas conducentes a paliar as altas temperaturas que se producen no Hospital Provincial de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

6. 34605 (10/PNC-002806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para dotar do servizo de matrona, como mínimo nun día á semana, o concello de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 12/09/2018 14:02:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21703(10/PNC-001779)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para paliar as deficiencias de espazo e persoal da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

Exposición de motivos

Diferentes colectivos e profesionais veñen denunciando, dende fai moito tempo, os duros recortes que está a sufrir de xeito particular a asistencia na saúde mental.

A Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do CHUAC, ten importantes carencias xa denunciadas que veñen sostidas no tempo e que conlevan importantes danos nos dereitos asistenciais dos pacientes da Área da Coruña, así como na calidade asistencia esixible nun servizo sanitario público.

Existen diferentes déficits de dotación profesional e de espazo que comprometerían a posibilidade de apertura da Unidade, por incumprimento das esixencias mínimas que a propia Consellería de Sanidade dispón, aloxándose tamén dos estándares básicos de acreditación propostos polo Ministerio de Sanidade.

Neste marco de deficiencias poderíamos situar algunhas das seguintes:

- Insuficiente espazo para actividades comúns dos pacientes e para a relación destes coas súas familias cando os visitan.
- A metade das habitacións desta Unidade son de 3 camas e non dispoñen de baño na habitación, diferenciando deste xeito a estes pacientes respecto das persoas afectadas por outras enfermidades e dándose a circunstancia de que en



momentos de saturación da unidade, dobran as camas e as habitacións de tres pasan a ser de 6.

- Existe unha habitación para a contención mecánica colectiva (dotada de 3 camas separadas por cortinas) nas que é habitual que se xunten ambos sexos simultaneamente.
- Escaseza de persoal. Un só psiquiatra xunto cun MIR cobren a garda do Complexo xunto coa da UHP, non existen celadores e sería necesario contratar a 11 profesionais máis de enfermería.
- Falta de transparencia na selección de facultativos de psiquiatría para a cobertura de prazas temporais.

Esta situación, dana gravemente o dereito a un tratamento para as persoas alí ingresadas, en condicións de igualdade cos demais usuarios do SERGAS.

Por todo o anterior e ante a falta de resposta da Consellería, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo as medidas necesarias para solucionar as deficiencias de espazo e persoal denunciadas na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 17:40
Nº Rexistro: 21703
Data envío: 20/12/2017 17:40:01.613

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/12/2017 17:12:01

Luis Villares Naveira na data 20/12/2017 17:12:21

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 30397(10/PNC-002447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei xeral da Seguridade Social co fin de considerar en situación de incapacidade permanente as persoas diagnosticadas de carcinoma ou de calquera outra enfermidade grave, así como o recoñecemento do dereito das persoas beneficiaras á reserva do posto de traballo

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á situación de incapacidade permanente de persoas con diagnóstico de enfermidade grave.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social mantivo a redacción existente relativa sobre a incapacidade permanente. Deste xeito, o artigo 194 do texto refundido da Lei Xeral de Seguridade Social, nomeadamente dos apartados 2 e 3 quedaron redactados do seguinte xeito:

“2. A cualificación da incapacidade permanente nos seus distintos grados determinarase en función da porcentaxe de redución da capacidade de traballo que se estableza regulamentariamente.

A efectos da determinación do grado de a incapacidade, terase en conta a incidencia da redución da capacidade de traballo no desenvolvemento da profesión que exercía o interesado ou do grupo profesional, en que aquela estaba encadrada, antes de producirse o feito causante da incapacidade permanente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

3. A lista de enfermidades, a valoración das mesmas, a efectos da redución da capacidade de traballo, e a determinación dos distintos grados de incapacidade, así como o réxime de incompatibilidades dos mesmos, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario polo Goberno, previo informe do Consello Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social.”

Desde o ano 1997 este precepto non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario, o cal constitúe unha das tarefas pendentes de abordar máis importantes que competen ao Goberno en materia de Seguridade Social. Por conseguinte, a cualificación da incapacidade permanente constitúe, como foi tradicionalmente, unha cuestión deferida a criterios valorativos do Equipo de Valoración de Incapacidades, que fai o ditame-proposta previo a cualificación da Dirección Provincial do INSS, coas seguintes competencias xurisdicionais dos Xulgados do Social, así mesmo guiadas por criterios valorativos.

Esta circunstancia propicia unha importante incerteza por parte das persoas solicitantes de prestacións de incapacidade permanente, a respecto das cales prodúcese unha cualificación de oficio. A cuestión resulta en especial desfavorábel para as persoas que padecen enfermidades graves, como por exemplo as derivadas de carcinomas ou patoloxías similares, para as cales, ás propias inseguridades derivadas da súa situación clínica e á posición vulnerábel que sofren ante o mercado de traballo, únese unha forte inseguridade á luz da cualificación da súa capacidade laboral que poida efectuar o organismo competente da Seguridade Social. A variedade de situacións que se produciron respecto diso pon de manifesto unha situación que debe cualificarse, cando menos, como discutíbel.

As persoas con estas enfermidades, cuxa curación e recuperación proxéctase a medio ou longo prazo, afrontan grandes dificultades para manter o seu vínculo co



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397

Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

mercado de traballo. Cando esgotan a prestación de incapacidade temporal, sexa ou non tralas oportunas prórrogas, son cualificadas ou non como incapacitadas permanentes, e manteñen un vínculo profesional debilitado que en non poucas ocasións finaliza con extincións derivadas da súa enfermidade.

Maior desprotección sofren quen se atopan en situación de desemprego, protexido ou non, cando se lles diagnostica a enfermidade. En tales casos, cando non hai situación asimilada á alta a efectos da prestación por incapacidade temporal, vense abocados, no mellor dos casos, ao desemprego asistencial e a unha perspectiva de inseguridade vital cando non están restablecidos da súa doenza.

Por todas estas cuestións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que realice as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social co obxectivo de:

- Considerar en situación de incapacidade permanente -co conseguinte mantemento de dereitos e prestacións económicas que se derivan desta situación- unha vez que esgote o prazo máximo de duración de a incapacidade temporal, a toda persoa que sexa diagnosticada de un carcinoma ou calquera outra enfermidade grave.
- Que se manteña esta cualificación ata que se produza unha curación presumiblemente definitiva, entendéndose por tal a situación en a que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397

Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

as revisións médicas derivadas de devandita enfermidade se prolongue cando menos en espazos de seis meses.

- Que a cualificación de incapacidade permanente nestes caos implique o dereito do beneficiario á reserva de posto de traballo.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 16:50:14

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 16:50:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:16
Nº Rexistro: 30397
Data envío: 03/05/2018 17:16:34.688

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 16:50:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 16:50:21

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 16:50:22

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 16:50:24

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 34223(10/PNC-002784)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o aumento a doce meses do período subvencionable pola Consellería de Emprego e Industria para a contratación temporal por parte dos concellos de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, así como o impulso dun programa específico de integración sociolaboral para mulleres perceptoras da Risga e da mellora da coordinación entre as áreas de política social e emprego da Xunta co servizo público de emprego estatal

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas perceptoras de RISGA soen acumular anos de desemprego, atopándose nunha situación continuada de exclusión e presentan características que as sitúan en colectivos de especial vulnerabilidade a respecto do emprego.

En decembro de 2016 había 10.761 persoas beneficiarias da RISGA e das AIS, o 0,4% da poboación galega, sendo en decembro de 2017, segundo a Dirección Xeral de Inclusión Social, 10.371 persoas as beneficiarias, predominando as mulleres entre as persoas beneficiarias (60,25% no caso da RISGA).

Segundo datos da Xunta para o ano 2016, “a maioría das persoas beneficiarias da RISGA teñen entre 35 e 44 anos (29,82% do total), sendo superior o número de mulleres comprendidas neste tramo que o número de homes. Un 28,30% das persoas beneficiarias teñen entre 45 e 54 anos, sendo superior o número de homes comprendidos neste tramo de idade. Un 16,26% das persoas beneficiarias atópase no tramo de idade entre 25 e 34 anos, o 3,60% son persoas menores de 25 anos e o 22,02% maiores de 55 anos”.

Ademais, “no relativo ao nivel de estudos das persoas beneficiarias un 37,68% ten estudos primarios incompletos e un 48,89% os estudos primarios. Un 2,61%



das persoas beneficiarias carecen de estudos e un 1,76% das persoas beneficiarias contan con estudos superiores.”

En canto á situación laboral, “a maioría das persoas perceptoras da RISGA atópanse en desemprego (94,63%), acadando un 93,64 % as persoas beneficiarias da prestación que nalgún momento traballaron”.

A principal problemática das persoas perceptoras de RISGA é “a de atoparse en situación de desemprego, que acada un 87,94%”.

A Consellería de Emprego e Industrial ten unha liña de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.

O 12 de xaneiro de 2018 publicábase no DOG a Orde do 12 de decembro de 2017 pola que “se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018”.

Segundo a Orde, “o importe da subvención que se concederá ás entidades beneficiarias será o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos no artigo 12 da presente orde”, e “o importe da subvención por cada contratación reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada. En todo caso, e con independencia da xornada de traballo a tempo completo ou a tempo parcial, a



xornada de traballo subvencionable será como máximo do 75% e non poderá, en ningún caso, ser inferior ao 50 %”.

Ademais, independentemente da súa duración destes contratos, o “o período de contratación subvencionable será de sete meses”.

Terán preferencia “as persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as persoas maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares”.

Se o contrato é de sete meses, cando se remata este, moitas persoas non teñen dereito a prestación contributiva por desemprego, por non ter acumulado un ano en activo nos últimos seis anos, co cal, quedan sen ingresos e deben volver solicitar a RISGA – se non era compatible co emprego - ou aceptar subsidios por desemprego inferiores ou de igual contía que a RISGA, claramente insuficientes.

En 2015, o alcance deste programa de subvencións de emprego temporal foi de 1.065 persoas.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aumentar a 12 meses o período subvencionable pola Consellería de Emprego e Industria para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA por parte dos Concellos.
2. Impulsar un programa específico de integración sociolaboral para mulleres perceptoras de RISGA.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 34223
Data envío: 02/08/2018 10:19:08.329



3. Mellorar a coordinación entre as áreas de Política Social e Emprego da Xunta e co Servizo Público de Emprego Estatal.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/08/2018 10:16:57

Luis Villares Naveira na data 02/08/2018 10:17:06

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 34442(10/PNC-002797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa xestión dos centros de menores dependentes da Xunta de Galicia e, concretamente, no centro de menores de Monteledo, de Ourense

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34442
Data envío: 08/08/2018 14:16:05.689



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os centros e programas educativos para a execución de medidas xudiciais, en aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, Reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores, poden ser dos seguintes tipos: centros e programas de medio aberto, centros de internamento ou centros de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico.

En Ourense, o Centro de menores de Monteledo, que comparte complexo co de Montefiz e Montealegre, trátase dun centro de internamento, cuxo obxectivo é o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor, tendo entre os seus fins o desenvolvemento da súa autonomía a todos os niveis e a súa reinserción social. As medidas de internamento poden ser en réxime aberto, pechado ou semiabierto. Este centro ten 37 prazas de internamento, cuxa autorización para o inicio de actividade se contempla na *ORDE do 23 de setembro de 1999*, cuxas instalacións son de titularidade pública (dependente da Consellería de Política Social), aínda que a xestión é privada, adxudicada dende o ano 2016 á Fundación Diagrama, ao igual que o centro de menores de Montefiz, e ultimamente o de Montealegre.

Recentemente tivemos coñecemento de que non se están a cubrir nin os permisos (vacacións, permisos de maternidade e paternidade...), nin as baixas dos traballadores e traballadoras deste centro de menores, xerando situacións de estrés e sobrecarga de traballo no persoal, e carrexando graves deficiencias no funcionamento do mesmo, dándose situacións que non contribúen ao que debera de ser o fin último destes espazos, o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor.

Ademais este centro está recibindo tamén menores procedentes de Montefiz,



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

que funciona como centro de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico, xuntando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudica a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1 Realizar unha avaliación do seguimento do contrato de xestión do Centro de menores de Monteledo, radicado en Ourense, co fin de ditaminar se a empresa que o está xestionando está a cumprir os termos contidos en dito documento.
- 2 Tendo en conta o resultado de dita avaliación, requirirase á empresa concesionaria o cumprimento daqueles aspectos contractuais que non se estean a respectar na actualidade, así como esixiráselle que de xeito ininterrompido e continuado conte cos recursos técnicos e materiais necesarios para garantir unha atención de calidade.
- 3 Elaborar, no prazo de seis meses, un informe sobre o estado (condicións hixiénicas, das infraestruturas, dos medios materiais e humanos...) dos centros de menores dependentes da Xunta de Galicia.
- 4 En dito informe reflectiranse todas as deficiencias detectadas, un cronograma de actuacións para corrixilas, e as partidas orzamentarias que se van a destinar a tal fin.

Pazo do Parlamento, 8 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/08/2018 14:15:03

Noela Blanco Rodríguez na data 08/08/2018 14:15:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 09:30
Nº Registro: 34442
Data envío: 08/08/2018 14:16:05.689



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 08/08/2018 14:15:19

Raúl Fernández Fernández na data 08/08/2018 14:15:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 34476(10/PNC-002798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre medidas conducentes a paliar as altas temperaturas que se producen no Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34476
Data envío: 09/08/2018 10:57:47.248

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante das elevadas temperaturas que se alcanzan no Hospital Provincial de Pontevedra.

Tanto traballadores/as do Hospital Provincial de Pontevedra como doentes igresad@s e familiares veñen de facer pública a súa queixa e malestar pola situación vivida a pasada semana durante a vaga de calor, que levou a que se as temperaturas alcanzadas no interior do hospital foran elevadísimas.

A situación foi cualificada polas persoas que a padeceron de “inhumana”, “terceiromundista”, “inexplicábel” ou “insoportábel” xa que as temperaturas que tiveron que soportar superaron os 30 graos nos cuartos e en algúns casos se chegou aos 35.

Temos que lembrar que neste centro sanitarios ingrésanse especialidades de obstetricia, neonatos, pediatria, urxencias pediátricas, coidados paliativos, oncoloxía, xinecoloxía, medicina interna, nefroloxía, diálise, odontoloxía, oftalmoloxía ou psiquiatría; polo tanto tiveron que soportar estas temperaturas desde nen@s, persoas de avanzada idade ou con tratamentos oncolóxicos ou paliativos.

Tiveron que ser en algúns casos os propios familiares os que mercaron equipos de refrixeración para tentar aliviarlle a situación aos doentes, xa que na maioría das



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34476

Data envío: 09/08/2018 10:57:47.248

habitacións só dispoñen de ventiladores que non resolven o problema ante temperaturas tan elevadas.

Estamos a constatar que diante dunha vaga de calor, da que se tiña coñecemento, a Dirección do CHOP non tomou todas as medidas precisas para protexer nin @s doentes nin ao persoal das altas temperaturas. Resulta evidente que os doce equipos de refrixeración instalados hai un ano para todo o hospital son manifestamente insuficientes.

Toda vez que o proxecto do Gran Montecelo está nunha fase moi inicial, por culpa da Xunta do Partido Popular que mantivo paralizado o proxecto durante anos, a inacción como táctica non pode ser a saída; é preciso tomar medidas para que diante doutra situación de altas temperaturas non se repita esta situación, que non só causa malestar, senón que supón un risco a maiores para a saúde das persoas ingresadas e para @s profesionais.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a tomar de inmediato todas as medidas precisas para evitar as altas temperaturas dentro do Hospital Provincial de Pontevedra, para o conxunto das persoas e persoal do Hospital e non só para as zonas sensíbeis”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34476
Data envío: 09/08/2018 10:57:47.248

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2018 10:55:30

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2018 10:55:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2018 10:55:38

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2018 10:55:40

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2018 10:55:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 34476
Data envío: 09/08/2018 10:57:47.248

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2018 10:55:44

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 34605(10/PNC-002806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para dotar do servizo de matrona, como mínimo nun día á semana, o concello de Cerceda

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A matrona é unha profesional recoñecida internacionalmente en todos os sistemas sanitarios, nos que se considera unha figura esencial que incide nun ámbito sanitario e social tan importante como a maternidade e a atención á saúde sexual e reprodutiva da muller e da familia, nos diferentes momentos do ciclo vital das persoas; achegando o apoio, os cuidados e os consellos necesarios, que inclúen medidas preventivas, a promoción do nacemento normal, a detección de complicacións na nai e no neno, o acceso ao cuidado médico ou outra asistencia axeitada e a execución de medidas de emerxencia.

As matronas están capacitadas para desenvolver as súas competencias no entorno da atención especializada hospitalaria e na atención primaria, tal e como se recolle no documento de reclamación de competencias de enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (matrona) elaborado pola FAME e sustentado na normativa española e europea vixente.

A nivel de atención primaria, as competencias da matrona son:

- Atención preconcepcional
- Control do embarazo de baixo e medio risco.
- Educación grupal a embarazadas, parella ou acompañante, dentro do programa de “preparación ao nacemento”.
- Atención no postparto na consulta e no domicilio.
- Educación grupal no postparto.
- Asesoramento e soporte na lactación materna e crianza.
- Seguimento do neonato san ata o 28 día de vida.
- Realización de probas de screening para a prevención do cancro de cérvix (citoloxías).



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Asesoramento en materia de saúde sexual e reprodutiva (elección de métodos anticonceptivos).
- Consulta de asesoramento en materia de saúde sexual para adolescentes/mozos e colectivos que demanden formación nesta materia: profesores, pais e nais.
- Participación no screening da detección de infeccións de transmisión sexual e derivación a outros profesionais, se fora o caso.
- Consulta dirixida ás mulleres que se atopan na etapa perimenopáusicas e menopáusicas, en relación á saúde sexual e reprodutiva nesta etapa da vida.
- Detección e atención na violencia de xénero, especialmente durante o embarazo e o parto.

A maioría de países do entorno europeo apostan por un modelo de coidados onde as matronas teñen un papel fundamental e isto require dunha planificación de recursos profesionais que poidan garantir a carteira de servizos e coidados que teñen que proporcionar as matronas ás mulleres e ás súas familias.

Segundo un estudo elaborado pola Federación de Asociacións de Matronas de España en 2016, a media de enfermeiras matronas por 100.000 habitantes nos países da OCDE era de 69,8 mentres que en España era, no ano 2014, de só 24,2 (case tres veces menos).

No mesmo estudo sinálanse tamén importantes diferenzas na ratio de matronas por cada 100.000 mulleres no caso das comunidades autónomas, sendo Galicia, Madrid, Asturias e Andalucía as que teñen unha ratio menor, fronte a Baleares cunha ratio de 36,49 matronas por 100.000 mulleres, sendo a ratio de España no 2009 de 31,6 matronas.

A OCDE no seu estudo tamén sinala as ratios de matronas por cada 1.000 nacementos, situándose en España en 12,4 matronas, namentres que a media dos países obxecto de estudo se sitúa en 25,9 matronas por cada 1.000 nacementos. Novamente España está moi por baixo da media do resto de países.

Nos países do noso entorno a tendencia é ao incremento, optando por investir na atención no puerperio e no coidado ao neonato, triplicando na última década os cocientes de matronas por cada 1.000 nacementos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noutro estudo do Ministerio de Sanidade sobre a necesidade de profesionais de Enfermería 2010-2015 (SANIFAX-2011) a proxección feita sobre o número de matronas era de 7.204 mentres que en 2015 o número de matronas era dunhas 5.469 matronas para todo o territorio español, o que supuña que en 2015 España tiña un 25% menos de matronas do estimado en 2011 e se temos en conta a previsión para o 2020 de 8.200 matronas, o crecemento anual tería que ter sido dunhas 546 matronas máis anuais.

Segundo os últimos datos publicados polo INE, o 30 de maio de 2018, referidos ao ano 2017, o número de enfermeiros colexiados incrementou en 8.527 persoas (un 2,9%), situándose en 299.824; e dentro deste colectivo, 9.013 persoas estaban rexistradas como *matronas* (un 2,6% máis que o ano anterior).

En canto ao reparto por comunidades autónomas, os maiores incrementos foron na Comunidade Foral de Navarra (23,0%), Andalucía (5,5%) e Canarias (4,6%); mentres que A Ríoxa (0,5%), Galicia (0,6%) e a Comunidade de Madrid (0,8%) rexistraron os menores aumentos.

O Concello de Cerceda tiña a 1 de xaneiro de 2017, segundo o IGE, 4.992 habitantes, dos que 2.531 son mulleres, e destas 1.446 teñen entre 17 e 64 anos.

A atención de matrona neste concello consiste nunha consulta cada quince días sen que a profesional que presta o servizo sexa sempre a mesma, servizo que, ademais, se suspende no mes de agosto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Incremente o servizo de atención de matrona achegando a ratio ás recomendacións plasmadas nos últimos estudos publicados pola OCDE así como polo Ministerio de Sanidade.
2. Estableza a atención do servizo de matrona para o Concello de Cerceda como mínimo nun día á semana.

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34605
Data envío: 10/08/2018 14:27:37.692



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/08/2018 14:26:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/08/2018 14:26:17

Noela Blanco Rodríguez na data 10/08/2018 14:26:49

Julio Torrado Quintela na data 10/08/2018 14:26:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia
